

**ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA
TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A
TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE
VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E
DESCARGA DE MERCADORÍAS**

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO
IMPOÑIBLE**

ARTIGO 1

1.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por **ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS**, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

2.- Entenderáse realizado o feito imponible da taxa de entrada de carruaxes sempre que exista rebaixe do bordo e/ou beirarrúa ou se interrompan a un e outro lado, con independencia de quen ou cando se fixera, sendo o propietario do inmovible o obrigado a formalizar as declaracións de alta, baixa ou variacións no Padrón Fiscal.

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

Serán suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou Entidades ás que se lles outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta Taxa, os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso dita entrada de vehículos, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

CATEGORÍAS DAS RÚAS OU POLÍGONOS

ARTIGO 4

Ós efectos de aplicación desta Taxa será válida a clasificación de rúas e polígonos establecida no Anexo 2 da Ordenanza Xeral.

CONTÍA

ARTIGO 5

A estrutura e contía desta Taxa será a que figura na seguinte

TARIFA

1.- ENTRADA DE CARRUAXES:

a) Garaxes que non teñan carácter de garaxe público:

Se encerran ata 3 vehículos de transporte ou turismo, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	27,59
En rúas de 2ª	21,11
En rúas de 3ª	15,99

Por cada 5 vehículos máis ou fracción, pagarán, ademais, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	27,59
En rúas de 2ª	21,11
En rúas de 3ª	13,39

b) Garaxes públicos:

Se encerran ata 5 vehículos, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	71,94
En rúas de 2ª	47,92
En rúas de 3ª	28,81

Por cada 5 vehículos máis ou fracción pagarán, ademais, tamén ó ano.

	€
En rúas de 1ª	31,99
En rúas de 2ª	24,02
En rúas de 3ª	15,99

c) Talleres de construción ou reparación de vehículos de todas clases, exposicións de vehículos, almacéns de coloniais e similares, que non teñan carácter de garaxes:

No casco urbano, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	47,92
En rúas de 2ª	35,93
En rúas de 3ª	23,98

Id. Fóra do casco urbano, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	--
En rúas de 2ª	--
En rúas de 3ª	23,98

d) Locais de empresas de transporte, ITV, entrada a fincas en obra (onde exista beirarrúa), mercadorías ou viaxeiros, e industrias en xeral, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	143,87
En rúas de 2ª	107,84
En rúas de 3ª	53,89

Resto do concello con vías asfaltadas, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	--
En rúas de 2ª	--
En rúas de 3ª	8,02

e) Cada paso que sirva de acceso a locais comerciais ou recintos, sen guardarse neles vehículos, ó ano.

	€
En rúas de 1ª	33,10
En rúas de 2ª	21,11
En rúas de 3ª	9,98

- Os pasos que se utilicen para diversas clases de carruxes, tributarán pola cota que corresponda ó tipo máis alto.
- Cando un mesmo paso se utilice para dous ou máis usuarios, dividirase a contra entre todos eles.
- Os garaxes públicos ou comunitarios con dous vados repartiranse o número de prazas por metade. Se dispuxeran de tres ou máis vados facturarase a dous por metade e ó resto polo mínimo que lles corresponda.
- As tarifas indicadas serán tamén de aplicación cando as beirarrúas se interrompan a un e outro lado, así como nos casos nos que, sen que existan beirarrúas, se solicite vado polos interesados
- Será obrigatorio a colocación por parte do usuario, de unha placa de VADO PERMANENTE, segundo modelo oficial, ó prezo de custo de adquisición.

- Nos inmobles onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nas Tarifas da Ordenanza tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.
- As comunidades de garaxes con máis dunha planta e/ou que integren edificios con división horizontal propia, facturarase sumando os importes que lles correspondería a cada un dos edificios ou plantas por separado

2.- RESERVA DE ESPACIO:

	€
2.1.- Reserva de espacio para carga e descarga de mercadorías, M/2 ou fracción ó día.	0,53 Mínimo 10,00
2.2.- Reservas de espacio para obras, liquidarase por cada 11 metros lineais ou fracción, ó mes.....	106,49
2.3.- Reserva de espacio para carga e descarga de mercadorías e materiais de calquera clase, cuando sexa necesario o corte do tráfico na vía pública, por hora ou fracción.....	33,76
2.4.- Reserva de espacio para contenedores de materiais e entullos, liquidarase por M/2 ou fracción ó día	0,57 Mínimo 10,00
2.5.- Automóviles de viaxeiros, cando teñan capacidade para máis de 10 prazas, por día ou parte de él	2,11 Mínimo 10,00
2.6.- Automóviles de viaxeiros, cando teñan capacidade inferior a 10 prazas, por hora.	0,53 Mínimo 5,00
2.7.- Paradas mediante reserva ou aparcamento, para automóbiles de transporte de viaxeiros, de mercadorías, de servizo regular urbano, ou interurbano, pagarán ó ano: -En rúas de primera..... -En rúas de segunda..... -En rúas de terceira.....	404,81 255,65 149,12
2.8.- Reservas de espacio na vía pública frente a establecementos industriais ou comerciais e particulares para vehículos de carga ou descarga de mercadorías, previa autorización municipal e por cada 4 metros lineais ou fracción, ó ano	159,76

Ás reservas de espacio correspondentes ó 2.1 e 2.4 aplicaránse as seguintes regras:

- CON SOLICITUDE DOS INTERESADOS: Aplicarase a tarifa establecida en cada momento pola Ordenanza en vigor.
- CON SOLICITUDE SEN AXUSTARSE Á MESMA: A cada m² de vía pública ocupada en exceso se lle aplicará un recargo do 50% sobre a tarifa en vigor, sen que poida facturarse por un importe inferior ó mínimo establecido.

- c) SEN SOLICITUDE: A cada m² de vía pública ocupada se lle aplicará un recargo do 100% sobre a tarifa establecida, sen que poida facturarse por un importe inferior ó mínimo establecido.

Poderán ser concertados a xuízo da Xunta de Goberno Local.

As Altas e Baixas das reservas de espazo nas que a súa Tarifa se estableza con carácter anual serán prorrateables por meses.

NORMAS DE XESTION

ARTIGO 6

1. As cantidades esixibles con arreglo ás Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo, sinalados nos respectivos epígrafes; agás nos supostos de altas e baixas das reservas de espazo con tarifas de carácter anual que serán prorrateables por meses.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados neste acordo, deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo e formular declaración acompañando un plano detallado da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.

3.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, facendo os ingresos complementarios que procedan.

4.- En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello, a devolución do importe ingresado.

5.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

6.- A presentación da baixa producirá efectos a partires do día primeiro do período natural seguinte ó sinalado no epígrafe da Tarifa. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a Taxa.

A solicitude de baixa no Padrón de Entrada de Carruaxes quedará condicionada á efectiva restitución do dominio público local, subrogándose, no seu caso, ó propietario do inmovible nesta obrigación e con independencia de quen efectuase o rebaixe da beirarrúa

ou do bordo, ou a interrupción da beirarrúa, así como a retirada e entrega da placa de vado permanente nas oficinas do Concello. Ós efectos previstos neste apartado, entenderase que as placas de vado permanente foron asignadas en “cesión de uso” e non dará dereito ó reembolso do seu importe.

DEVENGO

ARTIGO 7

1. O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados nas tarifas ou no seu caso, nos que sinale a Alcaldía-Presidencia.

2. O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese a Alcaldía-Presidencia, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos Padróns ou Matrículas desta Taxa, nos períodos que sinalen as tarifas ou, no seu caso, os que sinale a Alcaldía-Presidencia. O ingreso efectuarase nas oficinas da Recadación Municipal ou nos lugares que determine a Alcaldía-Presidencia e no prazo de dous meses en vía voluntaria.

ENTRADA EN VIGOR

O presente acordo foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Datas anteriores modificacións:

Novo texto como Taxa: BOP 17/12/1998
Modificación Tarifas: BOP 22/12/1999
Modificación Tarifas: BOP 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007